

Estimados/as señores/as:

Ao Concello de Lugo foille aprobada a súa solicitude para a impartición, nas instalacións do Centro de Empresas e Innovación – Centro de Servizos Tecnolóxicos (CEI-NODUS), dun curso do plan FIP, dirixido a persoas en desemprego, denominado “TÉCNICO AUXILIAR EN DESEÑO INDUSTRIAL”, de 590 horas de duración total. Xunto [remítese o programa](#), no que se pode comprobar que consta de tres módulos, máis o correspondente aos módulos transversais obrigatorios (igualdade de oportunidades e creación de empresas). O Concello precisa docentes altamente cualificados para garantir unha alta calidade na acción formativa, por iso solicita do Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo a posta en coñecemento dos seus colexiados desta circunstancia, para que aqueles que poidan estar en disposición de impartilo e teñan dispoñibilidade nos remitan o seu curriculum.

O curso ten previsto iniciarse o luns 2 de xuño. O horario será de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas, polo que rematará o 14 de novembro. Como condicionante da resolución pola que se concede esta acción formativa O CURSO TERÁ QUE IMPARTIRSE EN LINGUA GALEGA, e todas as comunicacións e documentación que se entregue aos alumnos expresaranse en dita lingua. Atendendo aos requisitos establecidos polo programa oficial do curso, o profesorado terá que ter:

A) Nivel Académico: Titulación universitaria, preferentemente Deseño Industrial, Enxeñería ou, no seu defecto, capacitación profesional equivalente á ocupación relacionada co curso.

B) Experiencia Profesional: Tres anos de experiencia na ocupación.

C) Nivel Pedagóxico: Formación metodolóxica ou experiencia docente.

Pregamos que todas as persoas que cumpran os requisitos e se consideren capacitados e con dispoñibilidade para impartilo remitan o seu currículo vitae, preferentemente ao enderezo electrónico: [formacion@cei.lugo.es](mailto:formacion@cei.lugo.es), ou persoalmente ás instalacións do CEI-NODUS. Tamén o poden remitir por fax, ao 982 297 475.

O PRAZO DE RECEPCIÓN DE CANDIDATURAS REMATA O VINDEIRO XOVES DÍA 8 DE MAIO ÁS 14:00 HORAS. Non obstante, prégase a súa remisión o antes posible.

Calquera dúbida ou información adicional que precisen será facilitada nos datos de contacto que figuran ao pé.

Atentamente,  
Víctor Iglesias Álvarez  
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local

Departamento de Proxectos e Formación  
Correo-e: [formacion@cei.lugo.es](mailto:formacion@cei.lugo.es)  
Centro de Empresas e Innovación – Centro de Servizos Tecnolóxicos (CEI-NODUS)  
Avda. da Coruña, 490. 27003 Lugo – España.  
Tfno: 982 297 468.  
Fax: 982 297 475.  
Web: [www.cei.lugo.es](http://www.cei.lugo.es)

[VER PROGRAMA](#)